



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO -1-
PLENO DO CONCELLO O DIA VINTENOVE DE AGOSTO DE 2008**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D^a. María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodriguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a, Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a M^a. Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodriguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Del Carmen Gueimunde Vila, D^a. Vanesa Rego Martinez, D. Celestino V. García Paz, D. Juan José Pardo Gato, D. Jose Goás Basanta e D. Orlando Exposito Mariño.

SECRETARIA ACCTAL

Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do veintenoventa de agosto de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera e do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- RESOLUCION DE ALEGACIONES AO PRESUPOSTO DE 2008

Polo Sr. Alcalde-Presidente maniféstase que no Pleno do 17 de xullo de 2008 aprobouse inicialmente o Presuposto Xeral do Concello de Viveiro para o exercizo de 2008, publicándose o anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións. Neste intre preséntase no Rexistro municipal unha reclamación contra a aprobación inicial do devandito Orzamento, que suscribe o veciño D. Bernardo Fraga Galdo, que actúa en representación do Bloque Nacionalista Galego, engade o Sr. Alcalde que, neste caso, van rexeitar a alegación ao Orzamento, tal como se dixo e se quedoú na xuntanza de Voceiros e que por razón desta reclamación, tivo lugar na mañá, previa a esta sesión, e por parte do noso Grupo PS-de G-PSOE, e polo Voceiro de IU-E.U., D. Orlando Expósito Mariño, con nove votos a favor, van rexeitar a alegación presentada ao Orzamento do 2008.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, outórgaselle o uso da palabra ao Concelleiro-Delegado de Facenda, D. Rafael Luis Fernández Amor, que comeza a súa exposición e dí o seguinte:



“Gostaríame que viñera o Sr. Bernardo Fraga a defender as alegacións ao Orzamento ou o BNG xa que ven en representa-lo coas alegacións que, entre outros, din:

“..... -No punto 1º “..Preténdese inchar a partida de ingresos para poder acometer máis gastos..”.- No punto 2º ..“Que os gastos financeiros por operacións de crédito a corto e longo prazo non coinciden co estado da previsión da débeda sen preverse a concertación de operacións de Tesourería”.- No punto 3º “Que o RD 500/1990, no art. 18.1 e) establece que o informe económico financeiro, en relación coas operacións de crédito previstas, debe recoller as características e condicións financeiras previstas, con especial referencia a carga financeira que pese sobre a entidade antes e despois da formalización.”.- No punto 4º” Que no Anexo de Inversións non se especifican os gastos concretos que se financiarán con cargo a operacións de crédito o que incumpre os requisitos de información recollidos no art. 19 do RD 500/1990, polo que veñen en solicitar anular os Orzamentos municipais.

Continúa dicindo o Sr. Fernández Amor: “Os Orzamentos municipais do ano 2008 respontan aos principios de rigor, equilibrio e transparencia, e xa quedou todo dito na sesión extraordinaria celebrada o pasado vinteun de Xullo, na aprobación inicial.

A seguir, o Sr. Fernández Amor di que agora sí, neste intre, refíese á modificación que ten que facer o Concello, xa que é preciso aprobar unha modificación debido ao incremento do euribor ao 5,37, facilitado polo Banco de Crédito Local, polo que se pasaría a modificar a Partida 011.310, dende os 283.200 €uros iniciais ata acadar os 308.405,30 € Esta diferenza compensarase cunha redución na Partida 123.226.

Por outra banda, considera que non existe incumprimento dos artigos 18.1 e) do RD 500/1990, se non que o problema ven de “cortar e pegar” do informe da intervención”. E no referente a que dín “_as sociedades municipais non teñen aprobados os seus estados contábles,”. El ten que engadir que aínda están esperando polo BNG para que asista ás reunións convocadas coas sociedades municipais.

A continuación correspóndelle o uso da palabra ao concelleiro do PP, . Guillermo Leal Arias, que dí , que ten claro, que as alegacións aos Orzamentos fanse en nome do B.N.G.. Que lle extrana que se adopte esta postura, xa que lle parece que non pensaban así no ano 2006, cando calificaban a impugnación do Orzamento, por parte do Partido Popular, de obstaculizar o Goberno Bipartito e que isto era malo para Viveiro.

Que por outra banda, estes puntos coas alegacións do BNG xa se discutidas no Pleno anterior e xa saben que os Orzamentos non viñeron en tempo e forma, e que viñeron con moitas deficiencias (segundo o informe de Intervención), que fai reparos en múltiples capítulos do Orzamento de gastos e de ingresos, e que existen gastos longos e ingresos curtos, aínda que nin o B.N.G. nin o Interventor aclaran nada máis que o dito na sesión anterior, polo que van a esperar á segunda quenda de intervencións para ter algo máis aclarado.

Seguidamente intervén o voceiro do B.N.G. D. José Antonio Goás Basanta, que dí que D. Bernardo Fraga, actúa en representación do B.N.G. de Viveiro, e presenta a alegación aos Orzamentos do Concello, aprobados inicialmente na sesión plenaria do pasado 21 de xullo, e que xa, o devandito proxecto, foi votado en contra polo Bloque Nacionalista Galego.

Continúa o citado Concelleiro sinalando escuetamente a alegación presentada polo BNG, e comentando que, no referente ao que dí o voceiro do PP , ten a razón, pero que esta alegación e moi puntual, constan de catro apartados e que algún vaise correxir nesta sesión como é o da suba do euribor.



A continuación, correspóndelle o uso da palabra ao Concelleiro do IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que comeza dicindo que xa sabe que a oposición está para eso, pero lembra que no ano 2006 o Voceiro do BNG non vía mal o Orzamento do 2006 e falaba de “Distorsión ao Bipartito” cando se pretendía, por parte do PP presentar alegacións ao Orzamento.

A seguir, manifesta que o Sr. Concelleiro que tamén quer saber o seguinte: ¿En que quedaría o Orzamento se se recollen esta alegación que se presentan agora?. e tamén o caso de: ¿Si, é factible, que alguén que non ten cargos representativos na Corporación poida impugna-lo Orzamento?..., e no caso de que poida, se esta alegación prospera; ¿Cánto retrasaría a aprobación do Orzamento?. E, por último, ¿en que situación quedaría o Concello de Viveiro se estas alegacións prosperaran?.

En contestación, o Sr. Alcalde-Presidente dí que se prosperan as alegación..., pois, retrasaría moito a aprobación e, polo tanto, mentras quedarían sen Orzamento, sen contar que é imprescindible para Viveiro ter un orzamento que permita facer inversións como se prevé, pero que o representante do B.N.G., escondese ante un informe de intervención de “cortar e pegar”. Que o Voceiro perdeu a oportunidade de ter unha ocasión boa para defender a os membros do seu grupo.

O Sr. Alcalde culpa aos Nacionalistas do retraso na aprobación definitiva do Orzamento, xa que se non presentaran a impugnación, poderíase contrataas obras e servizos importantes para Viveiro, como son: “Viais de Xunqueira”; “Derrubar o Cine Orfeo e rematar o Paseo Marítimo”, “Alumeado do Barrio do Chao en e Celeiro”. Estes Orzamentos permítenlles gobernar Viveiro con proxectos de futuro. Que algún deberían consultar nas Consellerías sobre as inversións que se xestinan, ás veces con pouco diñeiro.

Que con todos os respectos ao BNG ten que dicirlle que vai loitar para que non perdan aos veciños e non vai traiciozar a valentía do Bipartito coa supresión das licenzas de obras. Di que o goberno vai afrontar todas aquelas inversións que o Concello necesite. Que lle parece que están coa mesma manobra que no “Contrato coa Empresa “Aquagest”, xa que o B.N.G. manifestouse en contra do acordo. O grupo do goberno xa enviou aos veciños das Parroquias escritos sobre obras que urxen co mor de proceder a contratar as mesmas, xa que poden contar cun 1.000.000 de Euros que aboa á Empresa “Aquagest” e van financiar as obras veciñais nas Parroquias como en Vieiro e outras.

Autorizado polo Sr. Alcalde a intervenir, o Concelleiro do BNG, Sr. José Antonio Goás Basanta, que dí, que as alegacións están enriba da mesa e quen queira entender que entenda e quen non queira entender o escrito, pois ahí queda. Aclara que a proposta do BNG é que se modifiquen eses puntos do Orzamento e xa se dí tamén, segundo as recomendacións de intervención. Por outra banda, aclara algúns asuntos como é : “ Que él non se comprometeu a celebrar en Viveiro un campeonato de biatlón, senon que unicamente xestionou ante Portos o uso da chaira de Celeiro para a competición; e que en canto á demora nas obras que se pretenden facer, non cree que sexa por causa do recurso do BNG senon que os orzamentos veñen tarde.

O Sr. Alcalde, intervén para dicir que os orzamentos son o proxecto do Goberno para Viveiro e se entregaron ás oficinas de Intervención en decembro e esas datas constan no Rexistro.

Que o seu goberno non traiciona os efectos da suspensión das NSPM, xa que trata de conseguir un Concello sostible



Considera que O B.N.G. castiga aos veciños de Viveiro por non obter o apoio que pensaba nas eleccións pasadas e remata dicindo que cando se fala de que os Orzamentos veñen tarde, aínda lembra que no ano 2006 co Goberno Bipartito- aprobáronse os Orzamentos no mes de agosto e non recorda que o BNG non estivera dacordo.

Seguidamente, facendo uso do seu turno, intervén o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, para dicir que se está saíndo do tema, e que este é moi importante para Viveiro. Ten que facer constar que cando foi Concelleiro de Facenda se se presentaban daquela os Orzamentos en tempo e forma, e aínda que non estea conforme co Orzamento que se presenta agora. Si, sabe que ten que contar cun orzamento é primordial para Viveiro.

Obrando no expediente os informes de Intervención e documentos preceptivos, procédese a efectuar a votación.

E o Pleno da Corporación por maioría de nove votos a favor (P S de G-PSOE e IU-EU) e sete abstención (PP) e un voto en contra (BNG), acorda segundo a proposta da Comisión de Voceiros, rexeitar a alegación formulada polo BNG ao Orzamento.

2º.- PROPOSTA DE APROBACION DEFINITIVA DO PRESUPOSTO DE 2008

O Sr. Alcalde, propón ao Pleno o seguinte:

“Habiendo sido aprobado inicialmente el Presupuesto General del Ayuntamiento de Viveiro del ejercicio 2008, en Pleno de 21 de julio de 2008, fue publicado anuncio de exposición al público en el Boletín Oficial de la Provincia de 2 de agosto de 2008.

Teniendo conocimiento por parte de Intervención del incremento del euribor al 5,37.

PROPONGO AL PLENO EN RELACION CON LOS PUNTOS DEL ORDEN DEL DIA

1º.Punto

Que se modifique la partida 011.310, que se incrementará desde los 283.200 €uros iniciales hasta alcanzar los 308.405,30€ Esta diferencia se compensará con una reducción en la partida 123.226 /Gastos corrientes diversos ejercicios anteriores. Reconocimiento extrajudicial de créditos). Esta partida se minorará por la misma cuantía que el incremento de la partida 011.310.La cuantía de la partida 123.226 será de 1.327.696,24 €Como consecuencia de estos ajustes la cuantía global del presupuesto no se modifica.

2º.Punto

Que se apruebe el Presupuesto General del Ayuntamiento de Viveiro para el ejercicio 2008 conforme al acuerdo del Pleno de 21 de julio de 2008 y la modificación propuesta en el punto anterior. “

E o Pleno da Corporación por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE e IU-EU) e oito votos en contra (PP e BNG), acorda,

PRIMEIRO.- Dar a súa aprobación á proposta da Alcaldía da modificación da partida 011.310, que se incrementará desde os 283.200 €uros iniciais ata acadar os 308.405,30€



SEGUNDO.- Dar a súa aprobación definitiva ao Presuposto da Administración Xeral do Concello de Viveiro, cuyo importe, tanto de ingresos como de gastos, ascende a 13.429.230,49 euros.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para a publicación do edicto no BOP a efectos da súa exposición pública e demais tramitación que preceptivamente compra facer.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria Accidental, dou fe.